

**REDES DE TELECOMUNICACIÓN
GALEGAS, S.A.**

PRESIDENCIA DA XUNTA

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2011 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

Formulación estratéxica 2011-2013

A formulación estratéxica de RETEGAL para o vindeiro período baséase en dous pilares fundamentais, un de carácter interno e outro marcado polo contexto. Nomeadamente, en primeiro termo atopamos a misión da empresa, que ven determinada fundamentalmente polos seus estatutos sociais, que recollen o obxecto e os fins da súa actividade.

En segundo lugar, a contorna tecnolóxica, económica e social de Galicia, máxime nun período de crise onde os investimentos públicos cobran unha relevancia aínda máis importante do habitual, tanto polo seu impacto como pola austeridade e eficiencia que os deben guiar. Así, no vindeiro trienio, o amparo do Plan de Banda Larga 2010-2013 da Xunta de Galicia, RETEGAL deberá asumir unha serie de investimentos co obxectivo de achegar a Sociedade da Información a empresas e cidadáns, o que implicará a mais dun fortalecemento da Empresa a necesidade de actualizar os seus sistemas e procesos.

A mestura destes dous conxuntos de factores ven a definir os que se conforman como obxectivos estratéxicos de RETEGAL para o período 2011-2013, que se formulan, xunto co desenvolvemento dos puntos anteriormente tratados, nos parágrafos que integran este primeiro epígrafe.

Misión de RETEGAL

Os estatutos da sociedade anónima Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A., definen o obxecto e os fins da súa actividade. A partir desta definición é posible formular a misión de RETEGAL do seguinte xeito:

Realización da xestión das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións de Galicia e elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que correspondan á Xunta de Galicia.

O mesmo artigo 2º dos estatutos sociais debulla polo miúdo as funcións a desenvolver por RETEGAL no marco da súa misión. Especificamente, e de cara a este PAIF, as seguintes son as que cobran especial relevancia para a definición dos obxectivos, tanto estratéxicos como operativos:

No relativo á xestión de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións:

- Mantemento e xestión das infraestruturas e equipamentos da rede de transporte e

difusión utilizadas pola Radio e Televisión de Galicia.

- A implantación e posta en marcha de calquera tipo de redes e servizos de telecomunicacións.

- Calquera actividade comercial ou industrial que estea directamente relacionada con estas funcións e coa explotación de redes e servizos de telecomunicacións.

No relativo á elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que correspondan á Xunta de Galicia:

- A elaboración de propostas de planificación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións.

- Deseño de estratexias de futuro en relación coas telecomunicacións.

- A análise de viabilidade de proxectos que teñan relación coas telecomunicacións.

- Asesoramento técnico na toma de decisións pola Administración Galega en materia de telecomunicacións.

Estes elementos constitúen a compoñente interna para a definición da estratexia de RETEGAL para o vindeiro período e que, en conxunto cos factores de contorna que se desenvolven de seguido, veñen a motivar a definición dos obxectivos estratéxicos para o período 2011-2013.

A contorna tecnolóxica, económica e social

A contorna na que terá que levar a cabo a súa actividade RETEGAL nos próximos anos ven determinada por dous ciclos. Por unha banda, o marco de lexislatura 2009-2013, no que o novo goberno da Xunta de Galicia deixou clara a súa aposta polas políticas transversais cara ao desenvolvemento da Sociedade da Información. Por outra, o período de financiamento europeo 2007-2013, no que Galicia aínda recibirá fondos para abordar importantes proxectos de investimento.

Comezando por este segundo punto, o Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 mantén como obxectivo estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións [], garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.

Neste sentido, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica elaborou o Plan de Banda Larga 2010 - 2013 co que ten por obxectivo extender o acceso dos servizos da sociedade da información a todos os cidadáns galegos, Plan no que se contempla o fortalecemento de RETEGAL como Operador Público.

Así o referido Plan asigna a RETEGAL una serie de recursos económicos no período 2010 – 2013 adicados ao potenciamento e extensión da súa rede de telecomunicacións en zonas nas que polas súas características xeográficas e poboacionais non son de interese económico para os operadores privados. RETEGAL operará como Operador Neutro poñendo os seus recursos de rede, en igualdade de condicións, á disposición da iniciativa privada, evitando ser en todo momento un elemento distorsionador das condicións de mercado, e favorecendo a implantación de servizos públicos e institucionais.

Esta absoluta prioridade de goberno galego no desenvolvemento da Sociedade da Información e, máis en concreto, no despregamento de infraestruturas no territorio é, obviamente, un ingrediente esencial na definición da estratexia de RETEGAL. Pero, nun eido xa máis cinguido ao que veu sendo nos últimos anos a actividade principal da sociedade, non se poden esquecer o proceso de despregamento dos servizos de difusión dixitais e o reordeamento do mapa audiovisual galego asociado ao mesmo. No desenvolvemento desta nova realidade, RETEGAL, como operador público dos servizos de soporte (distribución e difusión do sinal), xoga un papel chave que ha permitido situar a Galicia á cabeza da penetración e cobertura da TDT.

E, finalmente, non debe esquecerse a función de RETEGAL como instrumento favorecedor - e garante, no seu caso - da implantación do servizo en toda a súa extensión, complementando a iniciativa privada, o que xa se ten amosado como esencial para acadar unha ampla cobertura no medio rural.

Neste sentido, o establecido polo “Real Decreto 365/2010, de 26 de marzo, por el que se regula la asignación de los múltiples de la Televisión Digital Terrestre tras el cese de las emisiones de televisión terrestre con tecnología analógica”, esixirá a Xunta de Galicia actuacións tanto na rede de difusión do Múltiple Autonómico (adequación de canle de emisión e implemetación do segundo múltiple) como nos servizos de difusión que está dando (redes de homoxeneización e extensión) coa finalidade de complementar a cobertura dos Múltiples de ámbito Estatal na nosa Comunidade.

Hai un terceiro factor que engadir aos dous anteriores para rematar de definir o diagnóstico da situación que rodea a actividade de RETEGAL. Trátase do potencial de valor dos activos, técnicos e humanos, de RETEGAL, desde a equipa profesional ata a granularidade da rede de emprazamentos espallada por todo o territorio galego, o que configura á empresa como un elemento esencial para contribuír aos propósitos xerais da política de telecomunicacións da Xunta de Galicia e, polo tanto, de desenvolvemento da Sociedade da Información no noso país. Os máis de cento cincuenta emprazamentos operativos en toda a comunidade autónoma, as diferentes tecnoloxías operativas (radioligazóns PDH e SDH, comunicacións por fibra en contornas CWDM, distribución e difusión de sinais de TDT, infraestruturas móbiles, sistemas de monitorización centralizados), a experiencia e coñecemento da equipa humana da entidade, a participación activa, cos axentes de investigación e empresariais galegos, en proxectos innovadores avanzados. Son todos ele-

mentos suficientes para que a Xunta de Galicia tomara a decisión de fortalecer RETEGAL como motor das telecomunicacións na Nosa Comunidade asignándolle un protagonismo activo no marco do Plan de Banda Larga 2010 - 2013.

1.1.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS


A partir dos condicionantes descritos nos dous epígrafes precedentes, é posible formular os obxectivos estratéxicos de RETEGAL para o período 2010-2012 do seguinte xeito:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DO OBXECTIVO XERAL	CRITERIO DE ORDENACIÓN (ART. 1 DA ORDE DO 18 DE MAIO, INSTRUCCIÓN PARA A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DA C.A.)
A	Constituírse en instrumento de apoio para o desenvolvemento de políticas transversais da Xunta de Galicia en relación coa Sociedade da Información, e máis especificamente no desenvolvemento do Plan de Banda Larga 2010-2013.	a) Impulso da competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada dos sectores produtivos de Galicia
B	Dar respaldo ao despregamento de infraestruturas necesarias para garantir a prestación dos servizos de difusión dixital, especificamente a TDT.	a) Impulso da competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada dos sectores produtivos de Galicia
C	Adecuación Operativa de RETEGAL	a) Impulso da competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada dos sectores produtivos de Galicia
D	Participar activamente na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións	a) Impulso da competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada dos sectores produtivos de Galicia

De seguido descríbese en detalle cada un dos catro obxectivos estratéxicos.

A- Extensión dos Servizos da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma. Plan de Banda Larga 2010-2013

A propia misión de RETEGAL, que supón que a empresa ten que xogar un papel activo na concepción de estratexias de futuro en relación coas telecomunicacións en Galicia e co desenvolvemento de redes e servizos avanzados ao abeiro destas, atópase como base deste obxectivo estratéxico. Así ás actuacións do Plan de Banda Larga da Xunta de Galicia que ten como obxectivo Despregar unha infraestruturade telecomunicacións moderna e sostible, acorde ás necesidades reais de Galicia e ás actuais tendencias tecnolóxicas, e capaz de garantir a cidadáns e empresas de todo o territorio o seu dereito de acceso aos servizos avanzados da Sociedade da Información, poden resumirse na seguinte figura:



Así o Plan de Banda Larga ten por obxectivo potenciar ao Operador Público de Infraestrutura de Telecomunicacións, RETEGAL, dotándoo de máis medios e capacidades, e convertíndoo nunha ferramenta que permita optimizar e acelerar o despregue e aproveitando toda a infraestrutura pública actual, reducindo así os custes do despregamento e favorecendo a competitividade efectiva dos operadores privados.

O Plan contempla por parte de RETEGAL as seguintes actuacións:

- Adecuación e ampliación de Infraestruturas (centros, novos emprezamentos, etc).
- Ampliación da Rede Troncal de Fibra Óptica en preto de 700 Kms.
- Adecuación e ampliación da Rede de Tansporte Radio.

Sendo o importe total do orzamento no periodo 2010-2013 de trinta e cinco Millóns de Euros (35 M€) repartidos anualmente no período do seguinte xeito:

ORZAMENTOS PREVISTOS * (M€)				
2010	2011	2012	2013	TOTAL
17,50	6,50	6,00	5,00	35,00
(*)IVE incluído				

Así pois RETEGAL fai seu o convencemento da Xunta de Galicia de que as políticas de impulso ás novas tecnoloxías e ao desenvolvemento da Sociedade da Información deben xogar un papel crucial no conxunto das políticas públicas.

Neste contexto, RETEGAL defínese como obxectivo estratéxico de RETEGAL reforzar o seu papel como sociedade pública para optimizar a súa contribución aos propósitos xerais da política de telecomunicacións da Xunta de Galicia e, polo tanto, de desenvolvemento da Sociedade da Información no noso país.

B- Instrumento para políticas de achegamento dos servizos de TDT aos cidadans.

No ano 2010 acadouse, no ámbito Autonómico, o nivel de cobertura poboacional do 98% para o servizo de TDT (porcentaxe definido polo Real Decreto 944/2005 no ámbito estatal), índice de cobertura moi superior ao inicialmente previsto para a Galicia, por mor do seu baixo peso poboacional dentro do Estado.

Para o vindeiro cuatrienio 2011-2014 RETEGAL como axente público debe:

- Complementar a oferta privada de servizos de distribución e difusión do sinal da TDT.

- Garantir, en tanto sociedade pública, a máxima cobertura do sinal de TDT, para que o achegamento deste servizo público sexa unha realidade que non se limite a meros criterios empresariais, senón a dar resposta á evidente demanda social existente.

Efectivamente, nunha contorna de competencia imperfecta, como é a dos servizos portadores da TDT, a existencia dun axente público con capacidade técnica axeitada é o modo de asegurar que tanto os operadores audiovisuais como os cidadáns disporán dos servizos requiridos para a extensión da TDT; e no caso dos operadores, nunhas condicións económicas equilibradas. Isto deberá producirse sempre baixo a premisa de que a actuación do operador público non supoña unha distorsión das condicións de competencia efectiva que rexen nun mercado liberalizado senón, antes ao contrario, unha acción dinamizadora de dita competencia.

Así no 2011, RETEGAL neste ámbito de actuacións RETEGAL, coa colaboración da Secretaría Xeral de Medios debe:

- Manter e xestionar, como o ven facendo ata o de agora, o Múltiple Autonómico de TDT, no que xa están incorporados ós concesionarios privados (Voz TV e Popular TV).

- Despregar, se o Goberno Galego así o estima, o Segundo Múltiple Autonómico de TDT, que permitiría ó Canale Público (TVG) manterse na vangarda tecnolóxica o incorporar servizos en Alta Definición (HD).

- Adecuar á Redes de Cobertura do Múltiple Autonómico e especialmente ás complementarias dos Múltiples Estatais (Homoxeneización e Extensión) á nova contorna establecida polo "Real Decreto 365/2010, de 26 de marzo, por el que se regula la asignación de los múltiples de la Televisión Digital Terrestre tras el cese de las emisiones de televisión terrestre con tecnología analógica".

- Xestionar e manter ás referidas redes de cobertura complementaria de TDT: Homoxeneización e Extensión. Prestazón de servizos de Codificación, transporte e Difusión aos Múltiples de TDT de Ámbito Local, tanto aos xa operativos como aos que inicien ás súas emisións no 2010.

- Despregamento de Redes para novos Múltiples de TDT de Cobertura Local.

C- Adecuación Operativa de RETEGAL.

Contemplase a adecuación dos Recursos, Procesos e Sistemas da Empresa ao novo modelo servizos que acometerá, o cambio no concepto de prestación de servizos orientados a "usuarios" a prestacións de servizos orientados a "clientes", cuns acordos de nivel de servizo moi esixentes.

D- Axente de innovación en telecomunicacións

Dende a súa constitución RETEGAL mantivo un papel activo na innovación TIC, faceta que se quere manter, e aínda reforzar, formulando como obxectivo estratéxico da entidade para o próximo trienio "participar activamente na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións".

Así, a continuidade na participación en proxectos como os pilotos avanzados en televisión dixital ou o lanzamento do picosatélite galego - proxecto DIESTE - como a incorporación a novas experiencias tecnolóxicas no ámbito da Televisión en Alta Definición (HD) ou o novo standard DVB-T2 forman parte das prioridades estratéxicas de RETEGAL, como xeito de tirar proveito da experiencia e capacidade dos seus profesionais e de poñer en valor os seus activos tecnolóxicos.

Do mesmo xeito, RETEGAL explorará a súa capacidade de formar parte de consorcios ou partenariados público-privados, como instrumento para crear unha masa crítica innovadora en cooperación con outros axentes do sector TIC galego e para favorecer a captación de orzamentos externos destinados a proxectos tecnolóxicos innovadores.

1.1.2. OBXECTIVOS OPERATIVOS

Formulación operativa 2011

A formulación operativa para 2011 é o resultado de concretar os obxectivos estratéxicos para o cuatrienio 2011-2014 en metas operativas e actuacións que se desenvolverán e, polo tanto, deberán ser previstas nos orzamentos do devandito exercicio 2011.

Seguidamente desenvólense, en sete seccións, os obxectivos operativos correspondentes aos catro obxectivos estratéxicos de RETEGAL definidos no capítulo anterior.

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DO OBXECTIVO OPERATIVO	CUANTIFICACIÓN	PROGRAMA DA TRANSFERENCIA QUE O FINANCIA
AA	Adecuación das Infraestruturas Existentes e construción de novos Centros.	321.250,00	Encomenda Xunta de Galicia Plan de Banda Larga 2010-2013

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DO OBXECTIVO OPERATIVO	CUANTIFICACIÓN	PROGRAMA DA TRANSFERENCIA QUE O FINANCIA
AB	Ampliación da Rede de Fibra Óptica	4.192.375,75	Encomenda Xunta de Galicia Plan de Banda Larga 2010-2013
AC	Ampliación da Rede de Enlaces de Microondas.	994.849,25	Encomenda Xunta de Galicia Plan de Banda Larga 2010-2013
BA	Incorporación de novos Múltiples e Servizos de TDT Local	50.000,00	Subvención de Capital da Xunta de Galicia
BB	Servizos de Cobertura Complementaria	50.000,00	Subvención de Capital da Xunta de Galicia
CA	Adecuación Operativa de RETEGAL	100.000,00	98.849,00 con recursos propios e 1.151,00 con Subvención de Capital da Xunta de Galicia
DA	Experiencias Novas Tecnoloxías	50.000,00	Subvención de Capital da Xunta de Galicia

AA.- Adecuación de Infraestruturas existentes e contrucción de novos Centros de Telecomunicación.-

Contémplase a adecuación das infraestruturas existentes (casetas, sistemas de enerxía de c.a. e c.c., subministros enerxéticos de emerxencia, torres, etc..) por mor dos requerimentos dos novos servizos de Banda Larga a prestar.

AB.- Ampliación da Rede de Fibra Óptica.

Este obxectivo contempla tanto a adquisición de 800 Kms de Fibra Óptica oscura, que se sumarán ós 1.000 de que xa dispón RETEGAL, como a adquisición de equipamento óptico e de conmutación para a constituila rede de transporte de Fibra Óptica. As inversións previstas permitirán chegar con Fibra Óptica a 19 Centros de Telecomunicacións que se sumarán aos 11 que xa dispoñen de conectividade por medio de Fibra Óptica.

AC.- Ampliación da Rede de Enlaces de Microondas.

Contémplase o fortalecemento tanto da Rede de Enlaces Troncais como a implantación de novos vans de radioenlaces de acceso coa finalidade de dotar de capilaridade a Rede de Enlaces e permitir achegar os servizos da Sociedade da Información zonas brancas consideradas no Plan de Banda Larga.

BA.- Incorporación de novos Múltiples e servizos de TDT Local.

Considérase a prestación de servizos de difusión ós novos Múltiples de Televisión Dixital Local (TDT-L) que podían desprezarse no ano 2011, o que requerirá inversións tanto en elementos de codificación e multiplexación como en adaptación de rede en equipamento de difusión. Así mesmo, contemplanse a posibilidade de prestar servizos de valor engadido ós Múltiples de TDT-L (Guí Electrónica de Programación, MHP, etc).

BB.- Servizos de Cobertura Complementaria.

RETEGAL ven prestando servizos de cobertura ó Múltiples RGE, é previsiblemente a incorporación de novos múltiples tralo apagón dixital supoña ampliacións de servizos que requirirán novas inversións.

CA.- Adecuación Operativa de RETEGAL.

O despregamento dos novos servizos de Banda Larga a máis de supor un forte incremento dos Centros de Telecomunicación de RETEGAL (no ano 2010 construíronse 40 novos emprazamentos), supón un novo modelo de prestacións de servizos na empresa, o ser o destinatario final dos mesmos un "cliente" en lugar dun "usuario". Circunstancia que vai ligada a un Acordo de Nivel de Servizo moi esixentes. Esta característica do servizo require que RETEGAL adecue os seus recursos operativos, procesos e sistemas o novo escenario de mercado.

DA.- Experiencias en Novas Tecnoloxías.

RETEGAL como Operador de Difusión de referencia na nosa Comunidade Autónoma debe manterse na vangarda tecnolóxica en aspectos relativos a novos sistemas de difusión dixital e servizos de valor engadido soportados polos mesmos. Así RETEGAL debe, ben por se mesmo ou participando con terceiros, realizar experiencia piloto en tecnoloxías e servizos innovadores tales como: DVB-T2, DVB-H, Televisión de Alta Definición (HD) e novos servizos de valor engadido (MHP, Subtitulación, Accesibilidade para Discapacitados).

1.1.3. ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS				
CÓDIGO	ACTUACIÓN	IMPORTE	(1)	(2)
001AA	Construcción novas casetas (5)	62.000,00	SI	NON
002AA	Adecuación Torres (1)	29.250,00	SI	NON
003AA	Energía Corrente Contínua (21)	230.000,00	SI	NON
001AB	Routing e Switching	371.802,03	SI	NON
002AB	Adquisición de Fibra Óptica (200)	3.191.131,25	SI	NON
003AB	Equipamento Fibra Óptica	630.000,00	SI	NON
001AC	Ampliación de la Red de Enlaces (25)	994.849,25	SI	NON
001BA	Incorporación novos Mux. TDT-L (1)	50.000,00	NON	NON
002BB	Servizos de Cobertura Complem. (3)	50.000,00	NON	NON
001CA	Adecuación Operativa de RETEGAL	100.000,00	NON	NON
001DA	Experiencia Novas Tecnoloxías (2)	50.000,00	NON	SI
(1) A actuación está integrada nun plan de eido superior.				
(2) Actuación de fomento do I+D+I.				

001AA.- Construcción de cinco casetas noutros tantos centros de telecomunicación de RETEGAL co obxecto de poder instalar novo equipamento da Rede de Banda Larga.

002AA.- Construcción dunha torre de Telecomunicacións de 30 metros de altura a determinar en función da adxudicación por parte da Secretaría de Modernización e Inno-

vación Tecnolóxica da Acción 3 do P.B.L.

003AA.- Adquisición de 21 Sistemas Rectificador - Baterías (-48 Vdc) para outros tantos Centros de Telecomunicación da Xunta de Galicia, según o contemplado no Plan de Inversións presentado por RETEGAL ante a S.X.M.I.T.

001AB.- Adquisición de Equipamento de Routing e Switching para diversos Centors de Telecomunicación, a determinar en función da adxudicación por parte da Secretaría de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Acción 3 do P.B.L.

002AB.- Adquisición de Fibra Óptica obscura (dereitos a 25 anos) según o contemplado no Plan de Inversións presentado por RETEGAL ante a S.X.M.I.T.

003AB.- Adquisición de equipoamento de para a iluminación da FO a adquirir. A mediados de 2011, 30 Centros de Telecomunicación de RETEGAL terán conectividade mediante Fibra Óptica.

001AC.- Adquisición de 25 vans de racionenlaces de media e alta capacidade para a interconexión entre Centors de RETEGAL, según o contemplado no Plan de Inversións presentado por RETEGAL ante a S.X.M.I.T.

001BA.- Incorporación de novos Múltiples de TDT Local.- Se ven analizadas as adxudicacións de Canled de TDT Local feitas pola secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia aínda quedan moitas por iniciar as emisións, considerada a situación económica actual e os custes que supón para un concesionario o inicio e posterior mantemento das emisións, non parece previsible que no ano 2011 contrate os servizos de RETEGAL máis de un Adxudicatario, o que levara apareladas inversións específicas para a prestazon do servizo.

002BA.- Servizos de cobertura complementaria, contemplanse aquí as inversións que terá que realizar RETEGAL en virtude do contrato suscrito con Abertis Telecom e o establecido no "Real Decreto 365/2010, de 26 de marzo, por el que se regula la asignación de los múltiples de la Televisión Digital Terrestre tras el cese de las emisiones de televisión terrestre con tecnología analógica".

001CA.- Adecuación Operativa de RETEGAL. Contemplase ás inversións que debe realizar RETEGAL na redifinición e adecuación dos seus proceso e sistemas cara ó novo escenario de mercado da Empresa.

001DA.- Experiencias en Novas Tecnoloxías. RETEGAL debe manter a súa posición de lider como Operador de Radiodifusión en Galicia, por elo, como xa o ven facendo dende hai anos, debe ser poioneira na realización de probas e emisións experimetais naqueles eidos s sistemas de difusión que serán realidade nun futuro próximo. Así, no ano 2011, prevese a realización de probas de emisión de Alta Definición (HD) e no novo

sistema de difusión DVB-T2.

I.1.4. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

INVESTIMENTOS									
RESUMO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS				REAL	ESTIM.	PREVISIÓN			
CÓDIGO	DESCRICIÓN	(1)	(2)	2009	2010	2011	2012	2013	2014
001AA	Adecuación infraestructuras e novos centros	SI	SI		1.979.434,00	321.250,00	2.106.000,00	2.088.000,00	
001AB	Routing e Switching	SI	NON		566.579,50	371.244,50	1.034.746,00	223.288,00	
002AB	Adquisición de Fibra Óptica (200)	SI	NON		7.778.575,52	3.191.131,25			
003AB	Equipamento Fibra Óptica	SI	NON		1.890.000,00	630.000,00			
001AC	Ampliación da Rede de Enlaces (25)	NON	NON		2.615.915,53	994.849,25	1.944.000,00	1.926.000,00	
001BA	Incorporación novos Mux. TDT-L (1)	NON	NON			50.000,00	50.000,00		
001BB	Servizos de Cobertura Complem. (3)	NON	NON			50.000,00	50.000,00	100.000,00	100.000,00
001CA	Adecuación Operativa de RETEGAL	NON	NON			100.000,00	100.000,00	100.000,00	
001DA	Experiencia Novas Tecnoloxías (2)	NON	SI			50.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00
TOTAL					14.830.507,55	5.758.475,00	5.334.746,00	4.487.288	250.000,00
(1) A actuación está integrada nun plan de eido superior. (2) Actuación de fomento do I+D+I.									

I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

INGRESOS

Ventas e explotación de servizos

A previsión de ingresos da actividade é en función dos contratos asinados ou previstos cos nosos clientes mais un incremento do ipc interanual do 1,8%.

- Servizo portador de sinal TV 3.759.166,00
- Servizo portador de radio 401.303,00

- Encomendas Xunta de Galicia 5.508.475,00
- Banda Larga 361.550,00
- Outros mercados 1.966.704,43

Subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	622.232,00	497.786,00	320.663,00	320.663,00	320.663,00
DA UNIÓN EUROPEA					
TOTAL	622.232,00	497.786,00	320.663,00	320.663,00	320.663,00

GASTOS

Gastos de persoal

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2009	50	0%-	3.065.330,50	14%-	61.306,61	14%-
ESTIMADO	2010	52	4%	3.022.324,98	-1%	58.121,63	-5%
	2011	52	0%	2.880.074,20	-5%	55.386,04	-5%
PREVISIÓN	2012	52	0%	2.880.073,00	0%	55.386,02	0%
	2013	52	0%	2.880.073,00	0%	55.386,02	0%

Servizos exteriores

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
C621	Alugueres e cánons	157.659	130.000	179.000	183.000	187.000
C622	Reparación e coconservación	1.294.678	1.230.000	1.330.000	1.475.000	1.515.000
C623	Servizos profesionais	846.107	600.000	591.000	590.000	550.000
C625	Primas de seguros	61.543	63.000	64.300	65.000	65.500
C627	Publicidade	3.000	16.000	14.000	14.000	14.000
C628	Suministros	831.688	823.000	1.147.000	1.369.500	1.375.000
C629	Outros servizos	66.149	70.000	75.000	76.500	76.500
TOTAL		3.260.824	2.932.000	3.400.300	3.773.000	3.783.000

Dotacións para amortizacións, 545.000,00 €

I.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

ORIXES

Subvencións de capital recibidas.

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	438.119	328.590	151.151	151.151	151.151
DA UNIÓN EUROPEA					
TOTAL	438.119	328.590	151.151	151.151	151.151

Distribución de resultados

DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS	2010	2011
BASE DE REPARTO:		
Resultados, neto de impostos	1.416,02	2.485,23
Remanente de exercicios anteriores		
Outros conceptos (especificar)		
TOTAL	1.416,02	2.485,23
DISTRIBUCIÓN:		
Compensación rtdos negativos de exerc. anteriores		
Dividendos		
Outros conceptos	1.416,02	2.485,23
TOTAL	1.416,02	2.485,23

APLICACIONES

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIONES DE INMOBILIZADO NON FINANCIERO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
Inmovilizado intanxible	56.412,71	70.584,91	20.000,00	20.000,00	20.000,00
Inmovilizado materiais	642.145,26	549.750,84	230.000,00	230.000,00	230.000,00
TOTAL	698.557,97	620.335,75	250.000,00	250.000,00	250.000,00

Financiamento do programa de investimentos e das necesidades de explotación

As inversións asociadas con elementos subceptibles de ser incorporados o Activo

de Retegal ascenderán a 250.000,00 euros (151.151,00 € con subvencións de capital da Xunta de Galicia) para os anos 2011, 2012 e 2013, o resto dos recursos para executar completamente os programas serán obtidos mediante colaboración doutras institucións ou empresas.

A financiación á explotación será con recursos propios da actividade mais a subvención da Xunta de Galicia a gastos correntes (320.663,00).

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	A) ACTIVO NON CORRENTE	3.533	3.582	3.287
	I. Inmovilizado intanxible	1.222	1.131	1.061
201, (2801), (2901)	1. Desenvolvemento			
202, (2802), (2902)	2. Concesións	1.170	1.089	1.012
203, (2803), (2903)	3. Patentes, licencias, marcas e similares			
204	4. Fondo de comercio			
206, (2806), (2906)	5. Aplicacións informáticas	51	41	49
205, 209, (2805), (2905)	6. Outro inmovilizado intanxible			
	II. Inmovilizado material	2.312	2.451	2.226
210, 211, (2811), (2910), (2911)	1. Terreos e construcións	438	441	465
212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, (2812), (2813), (2814), (2815), (2816), (2817), (2818), (2819), (2912), (2913), (2914), (2915), (2916), (2917), (2918), (2919)	2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material	1.874	2.011	1.761
23	3. Inmovilizado en curso e anticipos			
	III. Inversións inmobiliarias			
220, (2920)	1. Terreos			
221, (282), (2921)	2. Construcións			
	IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
2403, 2404, (2493), (2494), (293)	1. Instrumentos de patrimonio			
2423, 2424, (2953), (2954)	2. Créditos a empresas			
2413, 2414, (2943), (2944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Inversións financeiras a longo prazo			
2405, (2495), 250, (259)	1. Instrumentos de patrimonio			
2425, 252, 253, 254, (2955), (298)	2. Créditos a terceiros			
2415, 251, (2945), (297)	3. Valores representativos de débeda			
255	4. Derivados			
258, 26	5. Outros activos financeiros			
474	VI. Activos por imposto diferido			
	B) ACTIVO CORRENTE	10.617	4.193	2.261
580, 581, 582, 583, 584, (599)	I. Activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Existencias	9	7	7
30, (390)	1. Comerciais			
31, 32, (391), (392)	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
33, 34, (393), (394)	3. Produtos en curso			
35, (395)	4. Produtos terminados			
36, (396)	5. Subprodutos, residuos e materias recuperados			
407	6. Anticipos a proveedores	9	7	7
	III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	6.695	4.035	2.135
430, 435, 436, (437), (490), (4935)	1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	6.691	4.029	2.129
433, 434, (4933), (4934)	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas			
44, 5531, 5533	3. Debedores varios			
460, 544	4. Persoal	3	6	6
4709	5. Activos por imposto corrente			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
4700, 4708, 471, 472	6. Outros créditos coas Administracións Públicas			
5580	7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos			
	IV. Inverstimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
5303, 5304, (5393), (5394), (593)	1. Instrumentos de patrimonio			
5323, 5324, 5343, 5344, (5953), (5954)	2. Créditos a empresas			
5313, 5314, 5333, 5334, (5943), (5944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
5353, 5354, 5523, 5524	5. Outros activos financeiros			
	V. Inverstimentos financeiros a curto prazo			
5305, (5395), 540, (549)	1. Instrumentos de patrimonio			
5325, 5345, 542, 543, 547, (5955), (598)	2. Créditos a empresas			
5315, 5335, 541, 546, (5945), (597)	3. Valores representativos de débeda			
5590, 5593	4. Derivados			
5355, 545, 548, 551, 5525, 565, 566	5. Outros activos financeiros			
480, 567	VI. Periodificacións a curto prazo	3		
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	3.909	151	120
570, 571, 572, 573, 574, 575	1. Tesourería	3.909	151	120
576	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	14.150	7.775	5.548

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	A) PATRIMONIO NETO	2.680	2.575	2.348
	A.1) Fondos propios	207	208	211
	I. Capital	60	60	60
100, 101, 102	1. Capital escriturado	60	60	60
(1030), (1040)	2. (Capital non esixido)			
110	II. Prima de emisión			
	III. Reservas	121	121	121
112, 1141	1. Legal e estatutarias	7	7	7
113, 1140, 1142, 1143, 1144, 115, 119	2. Outras reservas	114	114	114
(108), (109)	IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)			
	V. Resultados de exercicios anteriores			
120	1. Remanente			
(121)	2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)			
118	VI. Outras aportacións de socios		26	27
129	VII. Resultado do exercicio	26	1	2
(557)	VIII. (Dividendo a conta)			
111	IX. Outros instrumentos do patrimonio neto			
	A.2) Axustes por cambios de valor			
133	I. Activos financeiros disponibles para a venda			
1340	II. Operacións de cobertura			
137	III. Outros			
130, 131, 132	A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos	2.473	2.367	2.137
	B) PASIVO NON CORRENTE	1.078	1.033	934
	I. Provisións a longo prazo	18	18	18
140	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal			
145	2. Actuacións medioambientais			
146	3. Provisións por reestruturación			
141, 142, 143, 147	4. Outras provisións	18	18	18
	II. Débedas a longo prazo			
177, 178, 179	1. Obrigas e outros valores negociables			
1605, 170	2. Débedas con entidades de crédito			
1625, 174	3. Acredores por arrendamento financeiro			
176	4. Derivados			
1615, 1635, 171, 172, 173, 175, 180, 185, 189	5. Outros pasivos financeiros			
1603, 1604, 1613, 1614, 1623, 1624, 1633, 1634	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
479	IV. Pasivos por imposto diferido	1.060	1.014	916
181	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE	10.392	4.166	2.266
585, 586, 587, 588, 589	I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda			
499, 529	II. Provisións a curto prazo			
	III. Débedas a curto prazo	382	451	125
500, 501, 505, 506	1. Obrigas e outros valores negociables			
5105, 520, 527	2. Débedas con entidades de crédito			
5125, 524	3. Acredores por arrendamento financeiro			
5595, 5598	4. Derivados			
(190), (192), 194, 509, 5115, 5135, 5145, 525, 526, 528, 551, 5525, 5530, 5532, 555, 5565, 5566, 560, 561, 569	5. Outros pasivos financeiros	382	451	125

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
5103, 5104, 5113, 5114, 5123, 5124, 5133, 5134, 5143, 5144, 5523, 5524, 5563, 5564	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	10.008	3.716	2.141
400, 401, 405, (406)	1. Provedores	9.419	3.612	2.037
403, 404	2. Provedores, empresas do grupo e asociadas			
41	3. Acredores varios			
465, 466	4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)	267	2	2
4752	5. Pasivos por imposto corrente			
4750, 4751, 4758, 476, 477	6. Outras débedas coas Administracións Públicas	237	102	102
438	7. Anticipos clientes	85		
485, 568	VI. Periodificacións a curto prazo	2		
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	14.150	7.775	5.548

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	13.503	24.383	11.997
700, 701, 702, 703, (708)	a) Ventas	13.503	24.383	11.997
705	b) Prestacións de servizos			
(6930), 71, 7930	2. Variación de existencias de pto terminados e en curso de fabricac.			
73	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
(600), 6060, 6080, 6090, 610	4. Aprovisionamentos	-8.071	-18.869	-5.963
	Consumo de mercaderías	-8.053	-18.865	-5.800
(601), (602), 6061, 6062, 6081, 6082, 6091, 611, 612	Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
(607)	Traballos realizados por outras empresas	-18	-4	-163
(6931), (6932), (6933), 7931, 7932, 7933	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
75	5. Outros ingresos de explotación	622	498	321
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente			
740, 747	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	622	498	321
(640), (641), (6450)	6. Gastos de persoal	-3.065	-3.022	-2.880
(642), (643), (649)	Soldos, salarios e asimilados	-2.481	-2.381	-2.275
(644), (6457), 7950, 7957	Cargas sociais	-585	-642	-605
	Provisións			
(62)	7. Outros gastos de explotación	-3.280	-2.937	-3.407
(631), (634), 636, 639	Servicios exteriores	-3.261	-2.932	-3.400
(650), (694), (695), 794, 7954	Tributos	-3	-5	-7
(651), (659)	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-17		
(68)	Outros gastos de xestión corrente			
746	8. Amortización do inmovilizado	-479	-572	-545
7951, 7952, 7955, 7956	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	456	480	480
	10. Excesos de provisións	212		
(690), (691), (692), 790, 791, 792	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	131	30	
(670), (671), (672), 770, 771, 772	a) Deterioros e perdas	130	30	
	b) Resultado por alleamentos e outras	1		
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	29	-10	2
	12. Ingresos financeiros	8	11	
7600, 7601	a) De participación en instrumentos do patrimonio	8	11	
7602, 7603	En empresas do grupo e asociadas			
	En terceiros	8	11	
7610, 7611, 76200, 76201, 76210, 76211	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
7612, 7613, 76202, 76203, 76212, 76213, 767, 769	De empresas do grupo e asociados			
	De terceiros			
(6610), (6611), (6615), (6616), (6620), (6621), (6640), (6641), (6650), (6651), (6654), (6655)	13. Gastos financeiros			
	a) Por débedas con empresas do grupo			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
(6612), (6613), (6617), (6618), (6622), (6623), (6624), (6642), (6643), (6653), (6656), (6657), (669)	b) Por débedas con terceiros.			
(660)	c) Por actualización de provisións			
	14. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
(6633), 7630, 7631, 7633	a) Carteira de negociación e outros			
(6632), 7632	b) Imputación ó resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venda			
(668), 768	15. Diferencias de cambio			
	16. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
(696), (697), (698), (699), 796, 797, 798, 799	a) Deterioro e perdas			
(666), (667), (673), (675), 766, 773, 775	b) Resultado por alleamentos e outras			
	A.2) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)	8	11	
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	37	1	2
6301, (633), 638	17. Imposto sobre beneficios	-11		
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+17)	26	1	2
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrumpidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18)	26	1	2

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
1. Recursos aplicados nas operacións	14.411	24.828	12.250
a. redución de existencias de produtos terminados e en curso			
b. aprovisionamentos	8.071	18.869	5.963
c. servizos exteriores	3.261	2.932	3.400
d. tributos	14	5	7
e. gastos de persoal	3.065	3.022	2.880
f. prestacións sociais			
g. transferencias e subvencións			
h. gastos financeiros			
i. outras perdas de xestión correntes e gastos excepcionais			
2. Pagos pendentes de aplicación			
3. Activos non correntes mantidos para a venda			
4. Adquisicións de inmovilizado:	699	620	250
a. Inmovilizacións intanxibles	56	71	20
b. Inmovilizacións materiais	642	550	230
c. Investimentos inmobiliarios			
d. Investimentos financeiros			
5. Diminucións directas de patrimonio			
a. En adscrición			
b. En cesión			
c. Entregado ao uso xeral			
6. Cancelación ou traspaso a CP de débedas a LP			
a. Empréstitos e pasivos análogos			
b. Por préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
7. Deterioro de valor	-130	-30	
TOTAL APLICACIÓNS	14.980	25.419	12.500
1. Recursos procedentes das operacións	14.134	24.892	12.318
a. Ventas	13.503	24.383	11.997
b. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso			
c. Taxas, prezos públicos e contribucións especiais			
d. Transferencias e subvencións correntes	622	498	321
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	622	498	321
iii. Da UE			
e. Ingresos financeiros	8	11	
f. Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepcionais			
g. Reversión deterioro de activos circulantes			
2. Cobros pendentes de aplicación			
3. Incrementos directos de patrimonio			
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma			
iii. Da UE			
4. Transferencias e subvencións de capital	438	329	151
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	438	329	151
iii. Da UE			
5. Débedas a longo prazo			
a. Empréstitos e outros pasivos análogos			
b. Préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
6. Alleamento de inmovilizado	1		
a. Inmovilizacións intanxibles			
b. Inmovilizacións materiais	1		
c. Investimentos inmobiliarios			
7. Cancelación ou traspaso a CP de investimentos financeiros			
TOTAL ORIXES	14.573	25.220	12.469
Aumento/Diminución de Capital Circulante	-407	-198	-31
VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE aumentos(+) / diminucións (-)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
1. Existencias			
2. Debedores	3.624	-2.663	-1.900
a. orzamentarios	3.624	-2.663	-1.900
b. non orzamentarios			
c. por administración de recursos doutros entes			
3. Acredores	-7.307	6.226	1.900
a. orzamentarios	-7.307	6.226	1.900
b. non orzamentarios			
c. por administración de recursos doutros entes			
4. Investimentos financeiros temporais			
5. Empréstitos e outras débedas a corto prazo			
a. empréstitos e outras emisións			
b. préstamos recibidos e outros conceptos			
6. Outras contas non bancarias			
7. Tesourería	3.312	-3.758	-31
a. Caixa			
b. Bancos	3.312	-3.758	-31
8. Axustes por periodificación	-36	-3	
Total Variación do Capital Circulante	-407	-198	-31